

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 3, 31-36

Naquel tempo, díxolle Xesús a Nicodemo:

– «Quen vén de arriba, está por riba de todos; quen é da terra, á terra pertence e da terra fala. O que vén do ceo, está por riba de todos; do que viu e oíu, disto dá testemuño; pero ninguén acepta o seu testemuño.

Quen acepta o seu testemuño, confirma que Deus é verdadeiro. Porque aquel a quen Deus mandou, fala as palabras de Deus, que non dá o Espírito dun xesto restrinxido.

O Pai ama o Fillo e púxolle todas as cousas nas súas mans.

Quen cre no Fillo, ten vida eterna; pero quen non obedece ó Fillo non verá a vida, que a ira de Deus pesa enriba del.»